

## ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS “O PEIRAO”

### CAPÍTULO I

#### DENOMINACIÓN, DOMICILIO, ÁMBITO, FINS SOCIAIS, PERSONALIDADE E DURACIÓN

##### ARTIGO 1 DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

Ca denominación de Federación Galega de Redeiras Artesás constitúese unha organización de conformidade coa vixente Lei 19/1977, do 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical, do Real Decreto 837/1977, do 22 de abril, sobre depósito das organizacións constituídas ó amparo da Lei 19/1977.

Esta federación, sen ánimo de lucro, réxese polos presentes Estatutos, con principios democráticos na súa organización e funcionamento, e con representantes libremente elixidas.

##### ARTIGO 2 DOMICILIO SOCIAL

1. O domicilio social será provisionalmente na Rúa da Roda 28 , Porto do Son, A Coruña.
2. O domicilio social poderá ser trasladado dentro do mesmo termo municipal por acordo do Consello Rector.
3. Para cambia-lo domicilio social fora do termo municipal no que se atopaba, haberá de procederse a unha modificación dos Estatutos, que terá que aprobarse pola Asemblea Xeral.
4. Calquera cambio no domicilio social será comunicado á oficina pública de rexistro competente.

##### ARTIGO 3 ÁMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial da Federación é a Comunidade Autónoma de Galicia .

##### ARTIGO 4 FINS SOCIAIS

Os fins sociais da Federación son os seguintes:

- a) Reunir no seu seo a tódalas entidades representativas dos intereses das redeiras artesás de Galicia para que, na defensa dos seus intereses, procuren a colaboración entre as súas socias.
- b) Procura-lo establecemento de relacións coas organizacións que perseguen un fin idéntico ou similar e fomentar e promove-lo asociacionismo entre as redeiras.
- c) Intervir en tódolos problemas que afectan ás redeiras, propoñendo ás distintas Administracións cantas medidas se consideren necesarias para a defensa dos intereses das asociadas.
- d) Realizar tarefas encamiñadas á formación e á información do sector.
- e) Actuar como órgano de consulta e colaboración coas Administracións na defensa e promoción do sector.
- f) Buscar novas alternativas de emprego para as redeiras e conservar e divulgar o traballo artesanal das redeiras.
- g) Combate-lo intrusismo profesional.

##### ARTIGO 5 PERSONALIDADE

Para o cumprimento dos seus fins sociais a Federación gozará de plena personalidade xurídica e de autonomía funcional e económica.

Poderá mercar, posuír, allear e gravar toda clase de bens, realizar actos de disposición e comparecer e exercitar accións ante calquera autoridade, organismo ou xurisdicción, conforme ás normas legais, a estes Estatutos e ós acordos dos órganos de goberno competentes.

Tamén poderá solicitar préstamos, subvencións e calquera outro tipo de axudas para a defensa dos intereses das súas asociadas, ante calquera administración, tanto local como autonómica, estatal ou supraestatal, así como asinar concertos, convenios e contratos coas administracións públicas e con organismos privados, previo acordo do seu órgano de dirección, o Consello Rector.

## ARTIGO 6 DURACIÓN

A Federación Galega de Redeiras Artesás constitúese por tempo indefinido.

## CAPÍTULO II

### MEMBROS DA FEDERACIÓN

#### ARTIGO 7 REQUISITOS DAS SOCIAS

Poderán ser socias da Federación as asociacións profesionais de redeiras legalmente constituídas na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### ARTIGO 8 REPRESENTACIÓN DE CADA SOCIA

Cada asociación nomeará a tres representantes na Asemblea Xeral da Federación que serán a Presidenta e a Vicepresidenta e outra persoa membro da cada consello rector designada a tal efecto.

#### ARTIGO 9 ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE SOCIA

Para ser admitida como socia, é necesario:

- 1.- solicitalo por escrito ó Consello Rector da Federación.
- 2.- subscribir e desembolsa-las cantidades que tivera acordado a Asemblea Xeral, sempre de acordo cos presentes Estatutos.
- 3.- cumpri-lo disposto no artigo 7 deste Estatutos.
- 4.- en todo caso deberáse aportar certificación do acordo da Asemblea Xeral da respetiva Asociación que desexe ingresar na Asociación.

#### ARTIGO 10 OBRIGAS DAS SOCIAS

As socias están obrigadas a:

- a) Asistir ás xuntanzas da Asemblea Xeral e dos órganos colexiados dos que formen parte.
- b) Cumpri-los acordos validamente tomados polos órganos colexiados da Asociación.
- c) Participar nas actividades da Asociación, mediante a achega do seu traballo, cando sexa necesario e por acordo da Asemblea Xeral.
- d) Non realizar actividades contrarias as que realiza a propia Asociación, tales como o intrusismo.
- e) Efectúa-los desembolsos necesarios para o mantemento da Asociación, e que se fixarán pola Asemblea Xeral.
- f) Participar en tódalas actividades da Asociación.
- g) Cumpri-los demais deberes que resulten dos preceptos legais e deste Estatutos.

#### ARTIGO 11 DEREITOS DAS SOCIAS

As socias teñen dereito a:

- a) Elixir e ser elixidas para os cargos dos órganos colexiados da Federación.
- b) Participar con voz e con voto na adopción de acordos en Asemblea Xeral e nos demais órganos colexiados dos que formen parte, así como formular propostas nestes foros.

- c) Recibi-la información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas, de acordo co establecido na lexislación aplicables e nestes Estatutos.
- d) Presta-la súa colaboración e o seu traballo á Federación.
- e) Ter libre acceso ós libros de Rexistro de Socios, de Actas e de Contabilidade, sen que se permita, en caso ningún, o traslado deles do lugar de depósito habitual. Poderase solicitar unha certificación ó Consello Rector dos aspectos que resulten de interese tralo seu exame.
- f) Tódolos demais dereitos que resulten da aplicación das normas legais e destes Estatutos.

## ARTIGO 12 PERDA DA CONDICIÓN DE SOCIA

As asociadas perderán a súa condición nos seguintes supostos:

- 1.- Por vontade propia, mediante aviso por escrito, cunha anticipación mínima de 30 días naturais ó Consello Rector da Federación, no que se aportará certificado do acordo da Asemblea Xeral da correspondente Asociación neste senso. Esta perda da condición de socia non exime das obrigas contraídas anteriormente coa Asociación nin do desembolso das cantidades acordadas na Asemblea Xeral.
- 2.- Pola perda da condición de agrupación, asociación, cooperativa, e pola perda dalgunha das condicións establecidas como requisito para ser socias no artigo 7.
- 3.- Polo incumprimento das normas da Federación, respecto do desembolso das cantidades acordados na Asemblea Xeral, segundo o acordado no procedemento da Federación.
- 4.- Pola comisión reiterada de faltas moi graves contra os fins da Federación e que poñan en perigo a unidade da mesma.

Os membros que causen baixa por calquera destes supostos perderán desde a data na que se produza, os dereitos sobre o patrimonio da Federación.

## ARTIGO 13 LIBRO REXISTRO DESOCIAS

A Federación, co fin de que en todo momento poida conocerse a súa composición e as dos seus órganos de goberno, disporá dun Libro de rexistro, que estará a disposición de tódolas socias, e no que constará:

- a) Denominación de cada socia.
- b) Identidade das representantes asamblearias designadas polas socias.
- c) Data de alta, e de selo caso de baixa, na Federación.

## CAPITULO III ORGANOS DA FEDERACIÓN

### SECCIÓN PRIMEIRA. ASEMBLEA XERAL

## ARTIGO 14 MEMBROS

- 1.- A Asemblea Xeral constituída validamente é a xuntanza das socias, para deliberar e tomar acordos, como órgano supremo da vontade social.
- 2.- Os acordos da Asemblea Xeral, adoptados conforme ás leis vixentes e a estes Estatutos, obrigan por igual a tódolas socias, inclusive as que non participaran nela.
- 3.- As Asembleas Xerais poderán ser ordinarias e extraordinarias.

## ARTIGO 15 COMPETENCIA

- 1.- Tódolos asuntos propios da Federación, aínda que sexan competencia dos demais órganos colexiados, poderán ser obxecto de debate na Asemblea Xeral.
- 2.- Será obrigatorio, baixo pena de nulidade, o acordo da Asemblea Xeral, para os seguintes actos:

- a) Nomeamento e revogación do Consello Rector, das Interventoras de Contas e das Liquidadoras da Asociación.
- b) Exame da xestión social e aprobación das Contas Anuais e da Memoria de Actividades, así como dos orzamentos vindeiros. Ademais aprobará a distribución dos excedentes ou perdas.
- c) Establecemento de novas aportación económicas ou alza das xa existentes.
- d) Modificación dos Estatutos.
- e) Fusión, absorción, escisión ou disolución e liquidación da Federación.
- f) Afiliación a outra entidade de maior grao cos mesmos fins sociais e económicos para os que foi creada a Federación.

3.- Tamén será obrigatorio o acordo da Asemblea Xeral para establece-la política xeral da Federación, así como para todos aqueles actos nos que así se estableza por este Estatutos.

#### ARTIGO 16 CONVOCATORIA DA ASAMBLEA XERAL

1.- A Asemblea Xeral Ordinaria deberá ser convocada polo Consello Rector dentro dos seis meses seguintes a data de peche do exercicio económico, que será o 31 de decembro de cada ano.

2.- A Asemblea Xeral Extraordinaria convocarase a iniciativa do Consello Rector ou a petición da cuarta parte das representantes das socias. Á petición da celebración achegarase a Orde do día desta.

#### ARTIGO 17 FORMA DE CONVOCATORIA E FUNCIONAMENTO DA ASEMBLEA XERAL

1.- As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, faráanse por escrito, expresando con claridade, lugar de celebración, data e hora da xuntanza, así como a Orde do Día.

2.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída cando en primeira convocatoria concorran a metade mais 1 da totalidade das representantes das socias. En segunda convocatoria será necesario que estean presentes o 25% das representantes das socias.

3.- Entre as dúas convocatorias mediará ½ hora.

4.- Os acordos en Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple de votos, excepto no casos do cesamento da presidenta, disolución, fusión, escisión e absorción da Federación e modificación dos Estatutos para os que se requirirá unha maioría de dous tercios dos votos presentes e representados.

5.- A presidenta da Federación será quen presida a celebración da Asemblea, podendo ser substituída no caso de ausencia pola Vicepresidenta, e no caso da ausencia das dúas pola persoa que elixa a Asemblea Xeral.

6.- Correspóndelle á Presidencia da Asemblea dirixir, encauza-la Orde do Día, as deliberacións e velar polo cumprimento das formalidades esixidas pola lexislación vixente.

7.- As votacións serán secretas cando teñan por finalidade a elección ou revogación dos membros dos órganos colexiados, ou o acordo para exercita-la acción de responsabilidade contra os membros dos órganos colexiados. Adoptarase tamén, e mediante votación secreta, calquera acordo cando así o soliciten un mínimo do 10% das representantes das socias presentes na Asemblea.

#### ARTIGO 18 DEREITO DE VOTO. VOTO POR DELEGACIÓN

Cada representante das socias ten dereito a un voto, que en caso ningún poderá ser dirimente ou de calidade.

As representantes das socias deberán absterse de votar cando o acordo que se someta a Asemblea Xeral teña por obxecto a resolución dos recursos interpostos pola socia a quen represente, contra as sancións

que fosen impostas polo Consello Rector, así como nos casos nos que o acordo verse sobor dunha situación de conflito de intereses entre a socia e a Federación.

A delegación de voto poderá exercitarse pola persoa designada a tal efecto pola representante; esta persoa só poderá representar un voto e da súa propia entidade. Só se poderá exercitar para unha Asemblea en concreto e deberá efectuarse mediante autorización escrita e asinada.

#### ARTIGO 19 ACTA DA ASEMBLEA

1.- A acta da Asemblea, que deberá redacta-la Secretaria da Federación ou a persoa na que esta delegue expresará coa maior claridade, o lugar e a data das deliberacións, número e identidade de representantes asistentes, si é primeira ou segunda convocatoria, a orde do día, as intervencións que se produzan, que no caso de ser pouco relevantes, só se recollerán aquelas que as súas relatores soliciten que consten, resumo dos asuntos debatidos e acordos adoptados, así como resultado das votacións.

2.- A acta da Asemblea deberá ser aprobada ó remate da Asemblea Xeral.

En tódolos casos a Acta deberá ser transcrita ó Libro de Actas pola Secretaria.

3.- As actas deberán asinarase pola Secretaria co visto e prace da Presidenta.

#### SECCIÓN SEGUNDA. O CONSELLO RECTOR

#### ARTIGO 20 NATUREZA E COMPETENCIA

O Consello Rector é o órgano de goberno, xestión e representación da Asociación, con suxeición á lei, a estes Estatutos e á política xeral fixada pola Asemblea Xeral.

Correspóndelle ó Consello Rector todas aquelas facultades que non esten reservadas por estes Estatutos a outros órganos colexiados da Asociación.

#### ARTIGO 21 COMPOSICIÓN DO CONSELLO RECTOR

O Consello Rector comporase de cinco persoas, elixidas de entres os membros da Asemblea Xeral.

Os cargos do Consello Rector serán: Presidenta, Vicepresidenta e tres vocais. De entre as vocais elixiranse por acordo do Consello Rector a Secretaria e a Tesoureira.

#### ARTIGO 22 ELECCIÓNS

É requisito imprescindible para seren elixible o estar totalmente ó día respecto ás obrigas coa Federación.

Os membros titulares do Consello Rector serán elixidos pola Asemblea Xeral en sufraxio libre, universal e secreto, segundo o seguinte procedemento:

1. Realizarase en primeiro lugar a elección da Presidenta, cargo que recaerá na persoa máis votada.
2. Realizaranse en segundo lugar a elección da Vicepresidenta, cargo que recaerá na persoa máis votada.
3. Realizarase en terceiro lugar a elección das tres vocais, cargos que recaerán nas tres persoas máis votadas. De entre elas e por decisión do Consello Rector asignaranse os cargos de Secretaria e Tesoureira.

En caso de empate resolverase a favor da representante da entidade con maior antigüidade na Federación, no caso de persistir este, resolverase por sorteo.

## ARTIGO 23

## DURACIÓN, CESES E VACANTES

Os membros do Consello Rector serán elixidos por un período de 2 anos e se procederá a renovación simultánea dos seus membros que poderán ser reelixidos.

Quince días antes do remate do mandato do Consello Rector iniciarase o proceso electoral

O proceso electoral durará 15 días de tal xeito que a toma de posesión dos novos membros coincidirá co mesmo día de finalización do mandato das anteriores directivas.

No caso de cesamentos ou vacantes parciais, pasarán a ser titulares do Consello Rector os membros suplentes deste, na orde na que figuraban na lista. Se non existisen suplentes realizaranse eleccións parciais.

No caso de dimisión dalgún dos membros do Consello Rector, esta deberá constar en escrito dirixido ó Consello Rector.

## ARTIGO 24

## FUNCIONAMENTO DO CONSELLO RECTOR

O Consello Rector deberá ser convocado pola súa Presidenta, por propia iniciativa, ou de polo menos dous dos seus membros, mediante escrito razonado.

O Consello Rector quedará validamente constituído cando asistan a mediate máis un dos seus membros, e non se poderá dar neste caso a representación nin a delegación do voto.

Os acordos adoptaranse por maioría simple e cada membro do Consello Rector terá un voto. En caso de empate será dirimente o voto da Presidenta.

A acta da xuntanza será redactada pola Secretaria e nela se recollerá fielmente tódolos aspectos da xuntanza, así como a hora, a data da realización e tódolos acordos adoptados e os resultados das votacións.

A Acta da xuntanza será asinada pola Presidenta e a Secretaria despois da súa aprobación por parte dos membros do Consello Rector.

## ARTIGO 25

## FUNCIONES DO CONSELLO RECTOR

Corresponderá ó Consello Rector adoptar cantos acordos sexan necesarios para o normal desenvolvemento da actividade da Federación e en concreto:

- 1.- aproba-la contratación do persoal necesario para o cumprimento dos obxectivos e fins da Federación.
- 2.- crear, se así se considera, comisións sectorias ou grupos de traballo para asuntos concretos.
- 3.- elabora-los proxectos dos orzamentos anuais para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
- 4.- presentar na Asemblea Xeral Ordinaria unha Memoria anual sobre as actividades da Asociación e sobre a súa situación económica, sometendoa a súa aprobación.
- 5.- velar polo cumprimento dos acordos da Federación.
- 6.- elaborar e propoñe-la modificación dos Estatutos.
- 7.- acorda-la convocatoria das eleccións.
- 8.- decidir sobre o ingreso dos membros que reúnan os requisitos previstos. Se ben no caso de que se decida a non admisión, poderá o candidato solicita-lo ingreso á Asemblea Xeral.
- 9.- todas aquelas que non estean expresamente atribuídas á Asemblea Xeral.

Os cargos do Consello Rector son gratuitos. Se ben os membros do Consello Rector poderán percibir unha compensación económica polos gastos soportados polo desenvolvemento das súas funcións. Esta compensación será aprobada polo Consello Rector e ratificada pola Asemblea Xeral.

## ARTIGO 26

## DA PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN

Correspóndelle á Presidenta o labor de dirección da Federación.

## ARTIGO 27

## FUNCIÓNS DA PRESIDENTA

Serán funcións da Presidenta:

- 1.- propondor ó Consello Rector a convocatoria da Asemblea Xeral
- 2.- presidi-las xuntanzas da Asemblea Xeral e do Consello Rector
- 3.- asistir a tódalas xuntanzas, actos ou convocatorias relacionadas coa Federación
- 4.- velar polo cumprimento dos acordos dos órganos colexiados da Federación
- 5.- asegura-lo cumprimento do regulamento interno e demais normas legais
- 6.- calquera outra que lle veña delegada polos órganos colexiados da Federación.

## ARTIGO 28

## DO CESAMENTO DA PRESIDENTA DA FEDERACIÓN

A Presidenta da Federación cesará por acordo do pleno da Asemblea Xeral antes da expiración do seu mandato, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Presentación de escrito razoado no que se fundamente os motivos da solicitude, subscrito alomenos pola terceira parte das representantes das socias.
- b) O Consello Rector reunirse en sesión extraordinaria para eximirla petición e se se atopase conforme con esta, acordará a convocatoria dunha asemblea xeral cunha antelación mínima de 8 días á da reunión.
- c) A reunión será presidida pola Vicepresidenta da Federación, podendo asistir a Presidenta con voz pero sen voto.
- d) A votación será nominal e para aproba-lo cesamento deberá obterse os 2/3 dos votos das asistentes. No caso de non acadar tal maioría non se poderá voltar a presentar nova petición antes do transcurso dun ano.

## ARTIGO 29

## DA VICEPRESIDENTA DA FEDERACIÓN

A Vicepresidenta da Federación substituirá a esta no caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

## ARTIGO 30

## DAS FUNCIÓNS DA VICEPRESIDENTA

A Vicepresidenta da Federación auxiliará á Presidenta en tódolos aspectos que esta determine, e de acordo e por delegación desta, adoptará as decisións correspondentes ós asuntos que se lle encomendasen.

A Vicepresidenta da Federación substituirá á Presidenta nos supostos de vacante, enfermidade e ausencia, asumindo a representación da Federación eses casos e as funcións asignadas á Presidenta nos presentes Estatutos.

## ARTIGO 31

## DA SECRETARIA

As súas funcións serán as de:

- 1.- asistir ás xuntanzas
- 2.- efectua-las convocatorias por orde da presidenta, así como a citación ós membros do Consello Rector.
- 3.- expedi-las certificacións das consultas, dictames e acordos aprobados
- 4.- prepara-los despachos dos asuntos e redacta-las actas da sesión
- 5.- recibi-los actos de comunicación, as notificacións, as peticións de datos, as rectificacións ou calquera outra clase de escrito dos que deba ter coñecemento
- 6.- cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Secretaria

## ARTIGO 32

## DA TESOUREIRA

Correspóndelle á Tesoureira:

- 1.- elabora-la Memoria económica do ano rematado
- 2.- asinar xunto coa Presidenta da Federación e autorización da disposición de fondos das contas da Asociación

### ARTIGO 33 DAS VOCAIS

As vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros do Consello Rector, asistindo ás reunións, participando nas deliberacións e axudando na toma de acordos e decisións, así como as que nazan das delegacións que o propio Consello Rector lles encomende.

### ARTIGO 34 DAS INTERVENTORAS DE CONTAS E DAS LIQUIDADORAS

Poden ser elixidas de entre as compoñentes da Asemblea Xeral, por proposta dun tercio dos membros, as interventoras de contas, sempre que estean na plena facultade dos seus dereito como tales.

A Asemblea Xeral será a encargada de nomealas en votación secreta, por maioría simple, e por un prazo máximo de catro anos, podendo resultar reelixidas.

As funcións das interventoras de contas serán aquelas que lles asigne a Asemblea Xeral, e que incluíran sempre as de fiscalizar e censurar as Contas anuais da Federación, antes de que pasen á súa aprobación pola Asemblea.

Poderán revisa-los Libros de Contas anuais e terán un mes de prazo desde a súa entrega por parte do Consello Rector, para formula-lo seu informe por escrito, propoñendo á Asemblea a súa aprobación ou formulando os reparos que estimen oportunos.

O número de interventoras será un máximo de tres.

As Liquidadoras só se elixirán, tamén pola Asemblea Xeral, e con idéntico procedemento ó das Interventoras de contas, no caso de que se vaia produci-la disolución da Federación.

A súa función será a de liquidar a Federación en tódolos ámbitos, cancelando ás débedas que poideran existir, e exercendo a función administrativa propia da disolución diante dos organismos competentes.

Para a disolución e para a actuación das liquidadoras a Asemblea Xeral, acordará os trámites a levar a cabo, sendo este acordo válido se o aceptan un mínimo de dous tercios das representantes das sociadas presentes ou representadas.

Unha vez realizada a liquidación procederase o reparto dos bens, dereitos e instalacións ós seus membros.

O número de liquidadoras será de tres.

## CAPÍTULO IV

### DO RÉXIME ECONÓMICO DA FEDERACIÓN

### ARTIGO 35 RECURSOS ECONÓMICOS

Serán recursos da Federación:

- a) as cotas das asociadas
- b) as subvencións recibidas, que serán solicitadas pola Federación ós organismos competentes
- c) as doacións e aportacións que reciba
- d) os intereses das súas contas bancarias e calquera outro recurso que conforme á lexislación e ós Estatutos se lle pode atribuir

Tódolos gastos e pagos deberán autorizarse pola Presidenta e pola Tesoureira. Se ben o Consello Rector por razóns de operativa práctica poderá facultar a calquera das dúas para que por si mesma poida autorizar gastos e pagos xunto con outra vocal.

A documentación xustificativa da actividade económica así como as Contas anuais, estará en todo momento a disposición das socias que desexen examinalas.

Cando as necesidades a cubrir así o aconselle, a Federación poderá establecer cotas específicas co fin de facer fronte ós gastos.

A Memoria Anual de Actividades, Balance e Contas anuais serán formulados polo Consello Rector dentro dos seis primeiros meses do exercicio seguinte e sometidos para a súa aprobación á Asemblea Xeral Ordinaria.

A compravenda de inmobles ou as operacións que supoñan endebedamento a medio ou longo prazo da Federación requirirán acordo da Asemblea Xeral.

## CAPÍTULO V RÉXIME DISCIPLINARIO

### ARTIGO 36 CLASIFICACIÓN DAS FALTAS

As socias poderán ser sancionadas por faltas cometidas e tipificadas nestes Estatutos. As faltas clasificaránse en moi graves, graves e leves, atendendo a súa comisión e reiteración.

A facultade de sancionar será do Consello Rector, agás no caso das moi graves que deberán ser acordadas na Asemblea Xeral.

Ó presunto responsable da infracción se lle notificarán os feitos que se lle imputen, das infraccións que tales feitos poidan constituir e das sancións que, de se lo caso, se lle poideran impor. Disporá dende o día de recepción desta notificación un prazo de dez días naturais para formula-las alegacións que estime oportunas.

Contra a sanción por falta grave poderá o sancionado interpor recurso ante o Consello Rector no prazo de 10 días naturais dende que lle sexa notificada.

Contra unha sanción por falta moi grave poderá o sancionado interpor recurso ante a Asemblea Xeral no prazo de 10 días naturais dende que lle sexa notificada.

A incoación do procedemento sancionador será competencia da Presidenta da Federación.

#### 1.- Son faltas moi graves:

- a) O insulto ou a agresión física ou verbal ás representantes das asociadas.
- b) O falseamento de documentos ou abuso do poder estando nun órgano Colexiado.
- c) Incumprir reiteradamente os acordos da Asemblea Xeral.
- a) O incumprimento das obrigas económicas da Federación.
- d) Comisión reiterada de 3 faltas graves.

#### 2.- Son faltas graves:

- a) Non respecta-los acordos da Asemblea Xeral.
- b) Comisión reiterada de 3 faltas leves

#### 3.- Son faltas leves:

- a) A non asistencia ás convocatorias da Asemblea Xeral e dos demais órganos Colexiados os que se pertenza, sen que medie causa xustificada.
- b) A non asistencia ou falta de puntualidade, sen xustificar, reiterada ós traballos planificados pola Asociación.
- c) As condutas reprobables ou a alteración da orde mentres se celebre unha Asemblea Xeral ou calquera outra xuntanza dos órganos Colexiados.

### ARTIGO 37 SANCIONES

Para sanciona-las faltas, estableceense as seguintes sancións:

- a) Para faltas moi graves, imposición de sanción económica de 301 a 600 euros, que poderá supoñer tamén a expulsión da Federación, que deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral, no caso de non paga-la sanción imposta e no caso de especial gravidade dos feitos para a Federación .
- b) Para faltas graves, suspensión temporal dos dereitos da asociada ou sanción económica entre 151 e 300 euros. Para a aplicación das sancións graves só é necesario o acordo do Consello Rector.
- c) Para faltas leves, amonestación do Consello Rector pola desviación da conducta ou sanción económica entre 1 e 150 euros, acordada polo Consello Rector en función do grao de levidade da falta.

## CAPÍTULO VI RESPONSABILIDADE DA FEDERACIÓN

### ARTIGO 38

- 1.- A Federación responderá das súas obrigas con tódolos seus bens.
- 2.- As socias non responderán persoalmente das débedas da Federación.
- 3.- Os membros dos órganos de goberno e representación, e as demais persoas que obren en nome e representación da Asociación, responderán ante esta, ante as socias e ante terceiros polos danos causados e polas débedas contraídas por actos dolosos, culposos ou negligentes. Este responderán civil e administrativamente polos actos e omisións realizados no exercicio das súas funcións, e polos acordos que votasen, fronte a terceiros, á Federación e ás socias.
- 4.- Cando a responsabilidade non poida ser imputada a ningún membro dos órganos de goberno, responderán solidariamente polos actos e omisións a que refiere o punto 3 deste artigo, a menos que poidan acreditar que non participaron na súa aprobación e execución ou que expresamente se opuxeran a elas.
- 5.- A responsabilidade penal rexerase polo establecido nas leis penais.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O validamento destes Estatutos terá lugar en Asemblea Xeral para o cal se achegará a estes Acta dela.

### DILIXENCIA

Para facer constar que estes Estatutos foron aprobado pola Asemblea Xeral Constituinte en reunión celebrada en Santiago de Compostela o día 30 de setembro de 2004.